



LIÑAS FUNDAMENTAIS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO 2018

Orzamento: 2018

Asunto: Directrices para a formación do Orzamento

Data de creación e iniciación do expediente: 12 de setembro de 2017

Dirixido a: Director Superior Contable e Orzamentario.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia da data que reflicte a sinatura electrónica, en virtude do Decreto das delegacións de 19 de xuño de 2015, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se me encargou a formación das directrices do Orzamento para o ano 2018.

As liñas fundamentais aprobadas e remitidas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública, conforman un marco xeral do orzamento do ano 2018, no supoñen a confección do orzamento, senón que establecen unhas bases sobre as que con posterioridade, se formará o orzamento. As porcentaxes de variación do orzamento reflectidas no expediente 47/142, van a ser practicamente inalteradas, máis ben de axustes, aínda que as distintas masas que conforman os recursos e empregos correntes non financeiros, os de capital non financeiro ou os financeiros, no seu conxunto non terán apenas variacións significativas.

Consideracións xerais

O Orzamento debe ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira relativo ao «Establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas», sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

Así mesmo, o apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no seu artigo 12, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 49/142

Para a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do conxunto de Comunidades Autónomas e de Entidades locais, seguindo o procedemento previsto na Lei, o Ministerio de Facenda e Función Pública remitiu a proposta de obxectivos para o período 2018-2020, ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, que foi obxecto de informe favorable na súa sesión de 7 de xullo de 2017, de conformidade co artigo 15 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, remitíndose tamén a estes efectos, á Comisión Nacional de Administración Local con data 26 de xuño de 2017.

Aprobación das medidas:

Consello de Ministros, sesión do 7 de xullo de 2017.

Congreso dos Deputados, Pleno do 11 de xullo de 2017.

Senado, Pleno do 12 de xullo de 2017.

Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento, % sobre PIB			
Subsectores	2018	2019	2020
Administración Central	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,40%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-2,20%	-1,30%	-0,50%

Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo, % sobre PIB			
Subsectores	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,80%	69,50%	67,60%
Comunidades Autónomas	24,10%	23,30%	22,40%
Entidades Locais	2,70%	2,60%	2,50%
Total	97,60%	95,40%	92,50%

Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB)			
Subsectores	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,40%	2,60%	2,50%



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 28/12/2017 16:13 Páxina 2 de 8

Expediente 49/142

CSV: 2EED4-3EDA2-CBBCC-3853B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



DO ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO 1. En canto ao gasto de persoal, a variación será do 1% en relación co consignado no Orzamento do exercicio anterior, ou sobre a previsión de gasto que se vai executar, posto que esa porcentaxe é a prevista para a revisión das retribucións dos empregados públicos.

Se a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 fixase outra porcentaxe de variación, o Orzamento que se tramite reflectirá a porcentaxe que se estableza pola devandita norma ou por calquera outra norma que regule a variación dos gastos de persoal ao servizo do sector público.

Tamén será obxecto de axuste o que legalmente se estableza para a variación na base de cotización a continxencias xerais, xa que pode ser maior ca prevista para a revisión das retribucións dos empregados públicos, ademais, tamén se terá en conta as variacións nas bases de cotizacións que afectan ao corpo de extinción de incendios e da Policía Local, que tendo en conta a posible rxubilación a .

Deberán figurar os novos programas de emprego vinculados as mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aqueles destinados á primeira experiencia laboral e o previsto para o apoio na xestión do Programa DUSI.

En consecuencia co anterior, a variación pode chegar a ser do 1,8%.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos gastos totais da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal así como o persoal eventual.

Tendo en conta o perímetro de consolidación, as liñas fundamentais abarcarán ao Concello, ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e á Fundación MARCO.

CAPÍTULO 2. Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da licitación e entrada en vigor no mes de abril do ano 2018 do novo contrato de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Mantemento e reposición de contedores e Recollida Selectiva de Lixo e o incremento entre outros do programa de festas e animación cultural. A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato. O incremento esperado é do 2% en relación coa dotación do ano anterior.

Hai que ter en conta que a variación que está a fixar en relación ao ano 2017, é sobre os créditos iniciais.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro do acordado en





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 49/142

relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo, que para o ano 2018 quedou fixada no 2,4%, porcentaxe que se avaliará na fase procedimental que corresponda tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012.

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha para xuros de débeda ou préstamos, xa que o Concello non ten ningunha operación viva, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

CAPÍTULO 4. As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes.

Sobre a contía do ano precedente, hai que facer unha dotación adicional para facer fronte ao previsto no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que regula o réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades para escolas infantís e nos centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos. Tamén se dotará unha aplicación para o convenio a asinar coa Universidade de Vigo para a cooperación nas becas de comedores, transporte universitario e demais accións relacionadas co alumnado e desenvolvemento tecnolóxico e científico. En relación co convenio vixente co Consorcio da Zona Franca de Vigo en desenvolvemento dos acordos Marco dos anos 1997 e 2007, dotarase as contías necesarias para dar cumprimento aos compromisos acadados en relación coa compensación dos IBIs do PTL de Valadares.

A variación en relación co ano anterior, non superará o 2,4%.

Capítulo 5. O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2017.

CAPÍTULO 6. A cobertura con financiamento propio para os empregos en investimentos reais deberá representar unha porcentaxe non inferior ao 12% dos empregos correntes non financeiros consolidados.

Nos investimentos anuais terase en conta a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostenible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os programas vinculados ao programa son:





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 49/142

Servizo de Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral da administración electrónica regulada na Lei 39 e 40/2015 e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación. Programa de Emprego (OT9) e Fomento (OT4 e OT6).

Tamén serán obxecto de incorporación ao orzamento, os convenios asinados ata a data con outras administracións, con especial referencia á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e co Ministerio de Fomento para as obras do tunel da Rúa Lepanto e acceso á estación do AVE polas anualidades que correspondan ao ano 2018.

Asi mesmo, incorporaránse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio e que tiveron o seu inicio no ano 2017 ou anteriores.

CAPÍTULO 7. As transferencias de capital, unha vez feito o axuste de consolidación da Xerencia Municipal de Urbanismo e outras fundacións que forman parte do perímetro de Consolidación en termos SEC 2010 (MARCO), a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, o Convenio co Ministerio de Fomento para as obras de mellora da Avenida de Madrid, anualidade 2018 por 1.500.000 euros, Convenio co Ministerio de Cultura para os investimentos de mellora na Muralla do Castro por un importe de 225.000 euros, axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociación sen ánimo de lucro.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; manténdose a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9. Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira. O saldo deste capítulo ten a súa aplicación no capítulo 6 de investimentos reais.

Os Capítulos 4 e 6 poderían ser obxecto de algún axuste en función da tramitación e aprobación da modificación da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, en relación con artigo 78 e a consideración de suxeición ao Imposto da subvención outorgada aos usuarios do transporte público colectivo. De ser o caso, a achega do Concello sería pola base imponible, o que podería supoñer unha minoración na subvención de 800 mil euros. No entanto, esta modificación non parece que sexa efectiva antes de que se aprrobe o Orzamento.





MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

Criterio xeral aplicado.

A actualización dos tipos aplicables contidos nas Ordenanzas fiscais en trámite, é inferior que o previsto no acordo de Consello de Ministros do 7 de xullo de 2017, no que se aprobaron e propuxeron para ser sometidos a aprobación das Cortes Xerais (Pleno de Congreso e do Senado de data 11 e 12 xullo), as medidas de especial interese e transcendencia para o Sector Público (obxectivo de estabilidade orzamentaria, taxa de variación do Produto Interior Bruto da economía Española a medio prazo e endebedamento), fixándose unha variación da regra fiscal de gasto para o ano 2018, tendo en conta TRCPIB, do 2,40%, porcentaxe superior que o que se está a propor de variación de tipos impositivos. Para dar cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria e tendo en conta o crecemento do gasto na porcentaxe fixada polo Goberno da Nación e aprobada polas Cortes Xerais, o goberno considerou necesario unha actualización/revisión dos tipos, que en ningún caso suporá un aumento da presión fiscal, xa que non hai unha variación real da mesma.

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmables, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais que están en trámite, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica.

As variacións máis salientables van a ser a do IBI, IAE e IVTM, que van ter unha actualización do 2,2% nominal.

Tendo en conta a variación desa porcentaxe, a variación total do capítulo (Impostos directos), pode estar arredor do 2,4%.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada, establecéndose unha previsión dun incremento do 1,5 % en relación coas entregas a conta do ano 2017, tomando en consideración a liquidación positiva do ano 2016 que se prevé nun 1%.

Esta variación aplicarase para a cesión do IVE e II.EE, así como para o FCF, que re reflecten no capítulo 2 e 4 do estado de ingresos.

Para a Liquidación definitiva das entregas a conta do ano 2016, prevese unha contía inferior ca liquidación do ano 2015, facéndose unha previsión do 1% das entregas.





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 49/142

CAPÍTULO 2. Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, mantense invariable.

Para a cesión do IVE e I.I.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas no mes de xullo unha vez que entrou en vigor a Lei de Orzamentos do ano 2017.

CAPÍTULO 3. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, o Lixo comercial e vivenda actualízase nun 2,2%, así como determinados prezos públicos que xa figuran na proposta de modificación das Ordenanzas Fiscais.

A variación global deste capítulo para o perímetro de consolidación vai a estar arredor do 3,1%.

CAPÍTULO 4. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma. En canto aos primeiros, a variación en relación coas entregas a conta do ano 2017 incrementaranse nun 1,5 %.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación.

En relación coa subvención para o servizo de Axuda no fogar incrementase tendo en conta a notificación feita pola Xunta de Galicia polo aumento das horas de servizo que se van a prestar, sendo este incremento de 100 mil euros.

Para o servizo do CEDRO mantense a mesma previsión ca do ano 2017.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que conorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

Non se reflicte o convenio coa Deputación de Pontevedra para o plan de asfaltado por estar vixente o do ano anterior e xa previsto na súa totalidade no orzamento do ano 2017, aínda que se mantén polo seu carácter plurianual, o convenio para o financiamento da promoción da cidade nos soportes aéreos. En consecuencia, este capítulo vai a reflectir unha baixa arredor do 1%.

CAPÍTULO 5. Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto de axustes no ano 2017 en función dos tipos de retribución





CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 49/142

dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custe efectivo do Estado a tres e 12 meses, polo que o rendimento medio non se prevé mais que 50 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios. Cos axustes de tipo operativo que ascende a 200 mil euros, esta é a variación máxima esperada.

CAPÍTULO 6. Os alleamentos de investimentos reais reflectirán os ingresos polas transaccións das parcelas. Na Xerencia de Urbanismo, estaría a aplicarse as vendas do PMS para a súa aplicación a compra da Panificadora e expropiación para a urbanización da Avd. Europa.

CAPÍTULO 7. O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden co programa DUSI e cos convenios vixente coa Deputación de Pontevedra en relación coa humanización da estrada Provincial e humanización da E.P Calvario a Garrida, tramo de Beade a Garrida e Estadio de Fútbol de Balaidos, facéndose a previsión da primeira anualidade do gasto correspondente á execución prevista para o ano 2018 da infraestrutura viaria.

En relación ao Programa DUSI, rexistrárase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento.

CAPÍTULO 8. Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9. Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2018, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario, por convenios con outras administracións ou se fose o caso, co superávit da Liquidación orzamentaria do ano 2017.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira
(Delegación, Resolución Alcaldía de 19/06/2015)



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 28/12/2017 16:13	Páxina 8 de 8
Expediente 49/142	CSV: 2EED4-3EDA2-CBBCC-3853B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		